



IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

A Arnoia

Unha vez que foron confeccionados polo concello, os padróns de contribuíntes do imposto sobre vehículos de tracción mecánica e da taxa polo servizo de recollida de lixo do ano 2021, atópanse expostos ao público na secretaría do concello, polo prazo de quince días dende o seguinte ao da inserción deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de exame e reclamacións.

A Arnoia, 22 de febreiro de 2021. O alcalde.

Asdo.: Rodrigo Aparicio Santamaría.

Una vez que fueron confeccionados por el ayuntamiento, los padrones de contribuyentes del impuesto sobre vehículos de tracción mecánica y de la tasa por el servicio de recogida de basura del año 2021, se encuentran expuestos al público en la secretaría del ayuntamiento, por el plazo de quince días desde el siguiente al de la inserción del presente edicto en el Boletín Oficial de la Provincia, para los efectos de examen y reclamaciones.

A Arnoia, 22 de febreiro de 2021. El alcalde.

Fdo.: Rodrigo Aparicio Santamaría.

R. 495

Baños de Molgas

Unha vez aprobado pola Xunta de Goberno Local, do día 19 de febreiro de 2021, o proxecto para a “Mellora de infraestruturas viarias municipais no Concello de Baños de Molgas”, redactado polo enxeñeiro de camiños, Daniel Durán Arriero, expónse ao público nas oficinas deste concello, durante 20 días hábiles contados dende o seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de exame e reclamacións.

Baños de Molgas, 22 de febreiro de 2021. O alcalde.

Asdo.: Xaime Óscar Iglesias Pérez.

Una vez aprobado por la Junta de Gobierno Local, con fecha 19 de febrero de 2021, el proyecto para la “Mejora de infraestructuras viarias municipales en el Ayuntamiento de Baños de Molgas”, redactado por el ingeniero de caminos, Daniel Durán Arriero se expone al público en las oficinas de este ayuntamiento, durante 20 días hábiles contados desde el siguiente al de la inserción de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, para los efectos de examen y reclamaciones.

Baños de Molgas, 22 de febreiro de 2021. El alcalde.

Fdo.: Xaime Óscar Iglesias Pérez.

R. 493

Baños de Molgas

Unha vez aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 19 de febreiro de 2021, o proxecto para a “Mellora de camiños municipais 2021-2022”, redactado polo enxeñeiro de camiños, Daniel Durán Arriero, expónse ao público nas oficinas deste concello, durante 20 días hábiles, contados dende o seguinte ao da inserción deste anuncio no BOP, para os efectos de exame e reclamacións.

Baños de Molgas, 22 de febreiro de 2021. O alcalde.

Asdo.: Xaime Óscar Iglesias Pérez.

Una vez aprobado por la Junta de Gobierno Local con fecha 19 de febrero de 2021, el proyecto para la “Mejora de caminos municipales 2021-2022”, redactado por el ingeniero de caminos Daniel Durán Arriero, se expone al público en las oficinas de este ayuntamiento, durante 20 días hábiles contados desde el siguiente al de la inserción de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, para los efectos de examen y reclamaciones.

Baños de Molgas, 22 de febreiro de 2021. El alcalde.

Fdo.: Xaime Óscar Iglesias Pérez.

R. 494

Cortegada

A Xunta de Goberno Local, con data 4 de marzo de 2021, aprobou as bases para a selección e contratación laboral temporal, a tempo parcial (75%) de tres peóns de servizos múltiples, con cargo ao Plan de empregabilidade da Deputación Provincial de Ourense, publicado no Boletín Oficial da Provincia con data 16/12/2020, que se transcriben a continuación:

Bases que rexerán a convocatoria para a contratación laboral temporal de tres peóns de servizos múltiples. Programa provincial de empregabilidade, ano 2021.

Primeira.- Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é a contratación de tres (3) peóns de servizos múltiples durante 5 meses, segundo as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación en materia de empregabilidade para o exercicio 2021, aprobadas pola Corporación provincial, na sesión de 30 de outubro de 2020, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, n.º 288, do 16 de decembro de 2020.

A xornada de traballo será a tempo parcial (75% da xornada) que se realizará de luns a domingo cos descansos establecidos na lei.

As funcións que se asignan ao posto de traballo son as seguintes:

- Limpeza viaria.
- Limpeza de sumidoiros e rede sumidoiros.
- Acondicionamento e mantemento de xardíns e zonas verdes.
- Traballos de albanelaría e pequenas obras públicas.
- Traballos de rozas e revalorización de espazos públicos
- Calquera outro acto de natureza similar non relacionado que sexa ordenado pola autoridade municipal.

Segunda.- Natureza do contrato.

A natureza do contrato será laboral temporal, iniciándose a prestación dende a sinatura do correspondente contrato ou alta do dito contrato e rematando cinco meses despois. Os primeiros quince días do contrato de traballo constitúen o período de proba.

Terceira.- Lexislación aplicable.

A oferta desta contratación laboral está baseada no artigo 15.1 a) do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e as súas modificacións posteriores.

Cuarta.- Financiamento.

A presente contratación está financiada pola subvención concedida para o efecto pola Deputación Provincial de Ourense.

Quinta.- Publicidade.

As presentes bases serán publicadas no Boletín Oficial Provincia de Ourense.

Sexta.- Requisitos dos interesados/as para participar no proceso selectivo.

As persoas interesadas en formar parte nesta contratación deberán reunir os seguintes requisitos:



a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007 no que respecta ao acceso ao emprego público dos nacionais doutros estados.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu estado nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Non atoparse incurso nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.

Todos os requisitos esixidos nestas bases deberanse cumprir polos aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.

Sétima.- Sistema selectivo

O proceso de selección será o concurso-oposición e terá lugar como se describe:

I. Valoración de méritos

a) Formación (puntuación máxima 2,00 puntos)

- Cursos, xornadas e seminarios de formación relacionados coas tarefas para desenvolver, homologados e recoñecidos por escolas públicas de formación de persoal ao servizo das administracións públicas, por administracións públicas e universidades, que se valorarán da seguinte forma:

1. Ata 10 horas: 0,15 puntos por curso/título.

2. De 10 a 30 horas: 0,25 puntos por curso/título.

3. De 31 a 50 horas: 0,40 puntos por curso/título.

4. Máis de 50 hora: 0,50 puntos por curso/título.

- Outros cursos: 0,10 por cada curso, ata un máximo de 1 punto.

- Coñecemento do galego: Celga 1 ou superior: 0,15 puntos.

Os méritos do apartado a) acreditaranse mediante copias dos correspondentes títulos ou diplomas.

b) Colectivos prioritarios: (máximo 1 punto)

1. Menores de 30 anos: 0,30 puntos.

2. Persoas paradas de longa duración:

- Menos de 6 meses: 0,25 puntos.

- De 6 a 12 meses: 0,30 puntos.

- Máis de 12 meses: 0,40 puntos.

3. Persoas que non sexan perceptoras do subsidio por desemprego: 0,30 puntos.

4. Desempregados maiores de 45 anos: 0,40 puntos.

Os méritos do apartado b.2 acreditaranse mediante certificado da oficina de emprego.

Os méritos do apartado b.3 acreditarse mediante declaración responsable dos solicitantes.

c) Por responsabilidades familiares (máximo 0,50 puntos)

Ter responsabilidades familiares significa ter a cargo o cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento, que non teñan ingresos mensuais superiores ao 75% do salario mínimo interprofesional, e que a suma de todos os ingresos dividida entre o número de membros que compoñen a unidade familiar, non supere a dita cantidade: 0,25 por cada carga.

Acreditación: certificación de convivencia e/ou acreditación de discapacidade e declaración xurada do solicitante.

d) Experiencia laboral (máximo 3,50 puntos)

Por experiencia laboral relacionada co posto para desempeñar e acreditada:

Valorarase a experiencia acreditada, a razón de 0,05 puntos por cada mes completo traballado en relación funcional ou laboral nunha administración pública ou en relación laboral por conta propia ou allea.

Soamente se terán en conta aqueles méritos debidamente xustificadas con copia de certificados de empresa e/ou contratos de traballo, así como informe ou certificado de vida laboral.

No caso de servizos prestados por conta propia (autónomos) acreditaranse mediante a alta no imposto de actividades económicas e informe ou certificado de vida laboral.

Aos aspirantes que non acheguen informe ou certificado de vida laboral, non se lles computarán os servizos prestados.

II. Fase de oposición

a) Proba práctica (puntuación máxima 2 puntos)

Estará integrada por un exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio. O tribunal valorará a adecuación do candidato ao posto de traballo.

b) Entrevista persoal (puntuación máxima 3 puntos)

Valoraranse as aptitudes e actitudes necesarias para o posto de traballo para desenvolver e para as funcións inherentes a este. Os aspirantes deberán responder oralmente a varias preguntas formuladas polo tribunal sobre cuestión básicas relacionadas co posto de traballo que se vai desenvolver.

Oitava.- Selección dos/as traballadores/as.

A presente convocatoria será publicada no BOP, na páxina web www.cortegada.es e no taboleiro de anuncios do concello.

As persoas interesadas disporán do prazo de cinco días hábiles seguintes ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia para presentar as súas solicitudes de participación no proceso selectivo así como o resto da documentación e méritos ao concello, podendo empregar as diferentes vías existentes.

As solicitudes dirixiranse ao alcalde, presentaranse no rexistro xeral do concello, en horario de oficina, de 09:00 a 14:00 horas ou a través da sede electrónica. Tamén poderán remitirse nas formas determinadas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste caso, deberán comunicalo mediante correo electrónico, ao e-mail concello.cortegada@eidolocal.es, durante o mesmo prazo que o de presentación de solicitudes.

Novena.- Documentación para presentar.

Xunto coa instancia (anexo I) deberán achegar a seguinte documentación:

- Fotocopia do documento nacional de identidade ou da tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios.

- Fotocopias da documentación acreditativa dos méritos alegados.

- Declaración xurada manifestando que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

De conformidade co establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non é esixible que a documentación presentada sexa orixinal, polo que se admitirá a presentación de copias simples.

Non obstante o anterior, nos casos en que a copia presentada suscite dúbidas pola súa calidade, o concello poderá solicitar de xeito motivado o cotexo da copia presentada, para o que se poderá requirir a exhibición do documento ou información orixinal.



Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia, ben galego, ben castelán.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en todos os seus extremos no momento de presentación de instancias.

Logo de expirar o prazo de presentación de instancias, o alcalde ditará resolución no prazo máximo de 2 días naturais, na que declare aprobada la lista de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do concello indicárase a causa da exclusión e concederáse un prazo de dous (2) días hábiles para a emenda de erros, contados dende o día da publicación da lista.

No suposto de non haber excluídos, poderase seguir co proceso.

No suposto de haber reclamacións, tomarase un novo acordo estimándolas ou desestimándolas con publicación da lista definitiva. No caso de non presentarse reclamacións, a lista publicada terá carácter definitivo.

Décima.- Tribunal cualificador.

1.- O tribunal cualificador será designado por decreto da Alcaldía. Estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: persoal funcionario ou laboral do Concello de Cortegada ou da Mancomunidade do Ribeiro ou persoa na que se delegue.

- Secretaria: a do Concello de Cortegada ou persoa en quen delegue.

- Vogais: persoal funcionario ou laboral do Concello de Cortegada ou da Mancomunidade do Ribeiro ou persoa na que se delegue.

Todos os vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto.

2.- Abstención e recusación.

Os membros do tribunal deberán absterse de formar parte deste cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, notificándollo ao seu superior inmediato, quen resolverá o procedente.

Os aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 24 da mencionada lei.

3.- Constitución e actuación.

Para a válida constitución e actuación do tribunal cualificador, requirírase a presenza de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, e sempre a do presidente e a do secretario.

A actuación do tribunal axustarase estritamente ás bases da convocatoria.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases. As decisións adoptaranse por maioría dos votos dos membros presentes e en caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do tribunal.

4.- Vinculación das resolucións do tribunal.

O presidente da Corporación resolverá segundo a proposta do tribunal, que terá carácter vinculante.

Décimo primeira.- Proposta de contratación.

O tribunal procederá á valoración dos méritos alegados polos/as candidatos/as, que se publicarán no taboleiro de anuncios do concello coas puntuacións obtidas polos/as aspirantes, así como a data e o lugar de realización da proba práctica e das entrevistas persoais.

Os aspirantes serán así convocados para a realización da proba práctica e da entrevista en chamamento único, sendo excluídos da selección os que non comparezan. Os aspirantes

deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI ou pasaporte.

O tribunal formulará a correspondente proposta de designación a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación.

En caso de empate, a persoa contratada será a de maior idade.

En ningún caso o tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación un número maior de aspirantes que o de postos convocados.

Se algún dos candidatos inicialmente propostos renunciase á contratación ou non puidese acreditar os requisitos necesarios, a proposta de designación do tribunal sería en favor dos seguintes candidatos con maior puntuación total, permitíndose a creación de bolsa por decreto de Alcaldía, para a cobertura de posibles vacantes, sempre que os aspirantes obtivesen, polo menos, 3 puntos como requisito para formar parte da dita bolsa de emprego. O sistema que se seguirá na bolsa de contratación é o seguinte:

- Terá vixencia mentres dure o programa obxecto da presente convocatoria.

- As persoas integrantes da bolsa de traballo non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que, se son nomeados para substituír á/ao titular, unha vez rematada a substitución, retornará ao posto que lle correspondía na lista.

- Unha vez feito o chamamento, o aspirante contará cun prazo dun día natural para contestar e aceptar.

- O nomeamento do substituto será competencia do alcalde.

- En caso de renunciar ou non contestar ao chamamento, procederá a contactar co seguinte da lista.

Logo de formular a proposta de designación a favor do/a candidato/a con maior puntuación, o alcalde efectuará o nomeamento e asinarase, a continuación, o correspondente contrato laboral.

Décimo segunda.- Retribucións.

O salario base mensual máis o rateo das extras será de 850,00 euros.

Décimo terceira.- Recursos.

Estas bases e cantos actos se deriven delas poderán ser impugnados cos medios e forma previstos nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciase a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo da interposición por parte do/a interesado/a de calquera outro recurso que estime máis conveniente ao seu dereito.

Décimo cuarta.- Dereito supletorio.

Para todo o non previsto nas bases será de aplicación a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro; o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Cortegada, 2 de marzo de 2021. O alcalde.

Asdo.: Avelino Luís de Francisco Martínez.

(Ver anexo páx. 5)

BASES CONTRATACIÓN PIONS CORTEGADA



Anexo I Modelo de instancia

Solicitud para tomar parte na convocatoria do Concello de Cortegada para a contratación laboral temporal de tres peóns de servizos múltiples mediante o sistema de concurso de méritos. Programa de empregabilidade 2021.

Nome e apelidos..... DNI:.....

Enderezo:.....

Localidade/municipio/provincia:.....Teléfono:.....

En virtude do proceso selectivo que se está a seguir no Concello de Cortegada para a selección de 3 prazas de persoal laboral temporal (peóns de servizos múltiples), para traballar no servizo “Limpeza e acondicionamento de zonas de uso público”, ao abeiro das bases de selección aprobadas polo concello,

Declaro baixo xuramento:

Que coñezo e acepto na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.

Solicito ser admitido/a ao referido concurso e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

Que cumpro con todos os requisitos para ser admitido en virtude da base sexta da convocatoria.

Documentación que se presenta xunto coa solicitude:

Esta instancia, debidamente cuberta e asinada

Fotocopia do documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios

Fotocopia do carné de conducir

Fotocopias da documentación acreditativa dos méritos alegados:

-

Cortegada, de de 2021

Asdo.....

ALCALDE DO CONCELLO DE CORTEGADA.

O interesado autoriza ao Concello de Cortegada para o tratamento dos datos persoais aquí reflectidos para actividades que son propias desta base de datos, para o seguimento e a xustificación da actividade e para calquera outra actividade directamente relacionada co obxecto deste formulario. O órgano responsable do ficheiro é o Concello de Cortegada e o enderezo onde o interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o mesmo é Otero Novas, 2. Cortegada. 32200 (Ourense), de todo o cal se informa en cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal.

Anexo II Modelo de declaración xurada responsabilidades familiares

Nome e apelidos..... DNI:.....

Enderezo:.....

Localidade/municipio/provincia:.....Teléfono:.....

Declaro ter a cargo, por convivir comigo no meu domicilio e non ter ingresos mensuais superiores o 75% do salario mínimo interprofesional, e que a suma de todos os ingresos dividida entre o número de membros que compoñen a miña unidade familiar, non supera a dita cantidade; ás seguintes persoas:

☐ Cónxuxe

☐ Parella de feito

☐ Fillos e fillas menores de 26 anos

☐ Fillos maiores con discapacidade

☐ Persoas maiores incapacitadas

☐ Menores en acollemento

O que declaro en Cortegada, a.....de.....de 2021,

O interesado autoriza ao Concello de Cortegada para o tratamento dos datos persoais aquí reflectidos para actividades que son propias desta base de datos, para o seguimento e a xustificación da actividade e para calquera outra actividade directamente relacionada co obxecto deste formulario. O órgano responsable do ficheiro é o Concello de Cortegada e a dirección onde o interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o mesmo é Otero Novas, 2. Cortegada. 32200 (Ourense), de todo o cal infórmase en cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal.